



XIII CARREIRA PEDESTRE POPULAR CONCELLO DE O PINO

O Concello de O Pino celebra a décimo terceira edición da súa Carreira Pedestre Popular o **domingo 1 de maio de 2016** na localidade de Arca – Pedrouzo (N-547 Santiago-Lugo, a 20 km de Santiago de Compostela) baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago)**. As probas estarán suxeitas ó seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo.

2. CATEGORIAS DOS PARTICIPANTES:


✗ PITUFO:	atletas nados en 2012 e posteriores
✗ PREBENXAMIN:	atletas nados en 2009, 2010 e 2011
✗ BENXAMIN:	atletas nados en 2007 e 2008
✗ ALEVIN:	atletas nados en 2005 e 2006
✗ INFANTIL:	atletas nados en 2003 e 2004
✗ CADETE:	atletas nados en 2001 e 2002
✗ XUVENIL:	atletas nados en 1999 e 2000
✗ JUNIOR:	atletas nados en 1997 e 1998
✗ PROMESA:	atletas nados en 1994, 1995, 1996
✗ SENIOR:	atletas nados entre 1982 e 1993
✗ VETERANOS/AS A:	atletas nados/as entre 1976 e 1981
✗ VETERANOS/AS B:	atletas nados/as entre 1967 e 1975
✗ VETERANOS/AS C:	atletas nados/as entre 1957 e 1966
✗ VETERANAS/AS D:	atletas nados/as en 1956 e anteriores
✗ CANICROSS:	nados/as en 2001 e anteriores

TODA A INFORMACION RELATIVA AO CANICROSS POPULAR (REGLAMENTO TÉCNICO) PODERASE CONSULTAR NA WEB www.asociacionacade.com

3. DISTANCIAS E HORARIOS:

HORA	PROBA	DISTANCIA
10:00 h	CANICROSS POPULAR	3100 m (1 volta ó circuito alternativo)
10:45 h	JUNIOR, PROMESA, SENIOR e VETERÁNS	8100 m (1 Volta Grande + 1 P + 1 G + 1 P)
11:35 h	CADETE MASCULINO e XUVENIL (M/F)	3186 m (1 Volta Grande)
12:00 h	INFANTIL (M/F) e CADETE FEMENINO	1928 m (1 Volta Mediana)
12:15 h	BENXAMIN e ALEVIN	850 m (1 Volta Pequena)
12:25 h	PREBENXAMIN	500 m (1 Volta Prebenxamín)
12:30 h	PITUFO	300 m (1 volta ó circuito pitufo)
13:00 h	ENTREGA DE TROFEOS	CASA DA CULTURA

PLANO DAS PROBAS



4. INSCRICIONS

- > **PROBAS ESCOLARES** (prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil).

Poderán realizarse a través da páxina web www.carreirasgalegas.com, rellenando os datos solicitados nos campos dos formularios de inscrición.

Teléfono de información: 981 511002.

A inscrición será **GRATUITA** para as probas escolares.

- > **CATEGORIAS DE ADULTOS** (junior, promesa, senior e veteráns).

As inscricións realizaranse a través da web www.carreirasgalegas.com. O prezo da inscrición será de **5 €** que deberán abonar no momento da inscrición pola pasarela habilitada a tal efecto.

- > **CANICROSS** (2001 e anteriores).

As inscricións realizaranse a través da web www.carreirasgalegas.com (información en www.asociacionacade.com) O prezo da inscrición será de **5 €** que deberán abonar no momento da inscrición pola pasarela habilitada a tal efecto.

TODOS OS ATLETAS QUE PARTICIPEN NO CANICROSS PODERÁN FACELO GRATUITAMENTE NA CARREIRA PEDESTRE. DEBERÁN REMITIR UM EMAIL A DIRECCIÓN deportes@concellodeopino.com INDICANDO ESTA CIRCUNSTANCIA.

Para calquer dúbida relacionada co proceso de inscrición poderán chamar ó teléfono 981 511 002 en horario: 10:00 - 14:00 horas.

- > **INSCRICION POR CLUBES**

Para a entrar na premiación por clubes deberán inscribirse os atletas individualmente na web www.carreirasgalegas.com e remitir un correo electrónico a dirección deportes@concellodeopino.com cos datos do clube xunto co listado de atletas que participarán na proba selado pola **Federación Galega de Atletismo** ou **Delegación** correspondente no seu defecto. **SEN ESTE CORREO ELECTRÓNICO NON PODERAN OPTAR OS PREMIOS POR CLUBES.** Na clasificación por clubes poderán entrar os atletas das categorías **JUNIOR, PROMESA, SENIOR e VETERANS.**

Admitiranse inscricións ata o **mércores 27 de abril de 2016 ás 23:59 horas. NON SE ADMITIRAN INSCRICIONS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO NIN O DIA DA PROBA.** Os dorsais recolleranse na **SECRETARÍA DA COMPETICIÓN** sita no Centro Sociocultural Luis Seoane (**CASA DA CULTURA**) ubicada fronte ó polideportivo municipal con prazo límite ata media hora antes do inicio de cada proba.

5. PREMIOS

- > Trofeo para os 3 primeiros clasificados das categorías establecidas (en mulleres e homes).
- > Trofeo para as 3 primeiras mulleres e os 3 primeiros homes da carreira absoluta (**JUNIOR, PROMESA, SENIOR e VETERANS**).
- > Trofeo o **participante máis xoven** e o **máis veterano** que logre concluir a proba polos seus propios medios e sen axudas externas.
- > Trofeo e bono de 1 sesión de masaxe cortesía de **FISIOTERAPIA ARCA** para os 3 primeiros clasificados homes e mulleres do Concello na carreira absoluta.

- > Trofeo para os 3 primeiros equipos masculinos e femeninos clasificados na clasificación final.
- > Trofeo aos 3 primeiros / as clasificados/as do canicross.
- > Trofeo para o clube, entidade ou colectivo que aporte máis participantes á proba.
- > Agasallo e bebida para todos os participantes.
- > Medallas para tódolos participantes escolares (de prebenxamíns a xuveniles).

Os trofeos non serán acumulativos agás os correspondentes ós atletas locais.

PREMIOS EN METÁLICO

(Só para a Carreira **JUNIOR, PROMESA, SENIOR e VETERANS**)

PREMIOS INDIVIDUAIS

1º Clasificado/a:	300 €
2º Clasificado/a:	200 €
3º Clasificado/a:	100 €
4º Clasificado/a:	75 €
5º Clasificado/a:	50 €

PREMIOS POR CLUBES

1º Clube federado masculino: 200 €	1º Clube federado femenino: 200 €
2º Clube federado masculino: 100 €	2º Clube federado femenino: 100 €
3º Clube federado masculino: 75 €	3º Clube federado femenino: 75 €

A **clasificación por clubes** será establecida a través dos 6 primeiros corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 6º compoñente. **Os clubes poderán ser masculinos ou femeninos, pero non poderán ser mixtos.**

SÓ SE ADMITIRÁ A PARTICIPACIÓN DE CLUBES FEDERADOS NOS PREMIOS EN METÁLICO, que terán que presentar o listado dos atletas co selo oficial da Federación Galega de Atletismo ou no seu defecto da Delegación correspondente. Na confección do clube non poderán entrar atletas pertencentes a outros clubes nin filiais do mesmo.

Os premios serán aboados a través de transferencia bancaria, para o cal os atletas e equipos gañadores terán que facilitar os datos bancarios e persoais (fotocopia do DNI) unha vez finalizada a carreira.

6. Nesta proba poderán participar atletas federados e non federados. A participación de atletas de outras Federacións Autonómicas e atletas extranxeiros rexirase polo REGLAMENTO PARA LAS COMPETICIONES DE CAMPO A TRAVÉS, MARCHA, RUTA, MONTAÑA, TRAIL Y REUNIONES DE PISTA CUBIERTA Y AIRE LIBRE 2015-2016, a través do seu artigo 3.4. Dito reglamento poderá consultarse no seguinte enlace:

http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2016/03_reglamento_comp.pdf

7. As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó xuíz árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da F.G.A., e R.F.E.A. en vigor.

8. Habará Servicio de Duchas no **Polideportivo Municipal** (fronte a SECRETARIA DE COMPETICIÓN), e no Campo de Fútbol sito a carón da SAIDA das probas.

PALMARES DA PROBA

2004	2005	2006	2007	2008	2009
1º Manuel Penas 2º Jesús d la Fuente 3º Carlos Silva	1º Manuel Penas 2º Jesús d Fuente 3º Luis Sá	1º Manuel Penas 2º Pedro Nimo 3º Elías Domínguez	1º Manuel Penas 2º Elías Domínguez 3º Robertas Geralav	1º Manuel Penas 2º Elías Domínguez 3º Filipe Costa	1º Manuel Penas 2º Bruno Jesus 3º Robertas Geralav
1º Rocío Rodríguez 2º Natalia Raña 3º Margarita Pérez	1º Rocío Rodríguez 2º Patricia Pereira 3º Fátima Paz	1º Margarita Pérez 2º M.J. Gestido 3º Rocío Rodríguez	1º Mª Jesús Gestido 2º Rocío Rodríguez 3º Margarita Pérez	1º Elsa M. Barros 2º M Jesús Gestido 3º Liliana Alves	1º Dorotea Peixoto 2º Patricia Pereira 3º M.J. Gestido
2010	2011	2012	2013	2014	2015
1º Manuel Penas 2º Hassan Lekhili 3º Robertas Geralav	1º Hassan Lekhili 2º Pedro Nimo 3º Robertas Geralav.	1º Robertas Geralav. 2º Akka Essaadaoui 3º Juan Pena	1º Alejandro Fdez 2º Carlos Villamor 3º Víctor Rioboo	1º Lolo Penas 2º Nuno Costa 3º Robertas Geralavic	1º Lolo Penas 2º Hassan Lekhili 3º Nuno Costa
1º María Abel 2º Mª Jesús Gestido 3º Paula Mayobre	1º Patricia Pereira 2º Paula Mayobre 3º Noemí Villar	1º Yolanda Gutierrez 2º Mª Jesús Gestido 3º Mª Carmen Penas	1º Ester Navarrete 2º Solange Pereira 3º Mª Jesús Gestido	1º Ester Navarrete 2º Paula Mayobre 3º Raquel Suárez	1º Ester Navarrete 2º Raquel Suárez 3º Mela Penas Blanco

Máis información nas webs:

- × www.carreirasgalegas.com
- × www.fgatletismo.es/santiago
- × www.atletismogalego.org
- × www.emesports.es
- × www.correrengalicia.org
- × www.asociacionacade.com

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda de Gasgow 13 15008 A Coruña.